

# REXISTRO DAS DESTREZAS LECTORAS DE 1.º PRIMARIA

Alumno: ..... Data: .....

	Adquirida	En adquisición	Observacións
<b>OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN</b>			
Recoñece personaxes, accións, lugares...			
Identifica características dos personaxes, obxectos e lugares do texto, apoiándose en descrições ou en imaxes.			
Recoñece a secuencia dos feitos presentados no texto.			
Recupera datos específicos dun texto útiles para o desenvolvemento dun tema.			
Identifica as definicións de conceptos ou ideas: trazos, usos ou relacións con outros obxectos coñecidos, feitos ou ideas.			
Sabe a que textos acudir para obter datos específicos ou para buscar información adicional que afonde ou lle proporcione os coñecementos que detecte que lle cómpren.			
<b>COMPREENSIÓN GLOBAL</b>			
Imaxina ou predí en que vai consistir a narración do conto, da aventura ou da lenda.			
Apóiase na imaxe para anticipar ou identificar a idea global do texto.			
Identifica ou representa o contido dun texto a partir de debuxos.			
Recoñece ou infire as causas e os efectos dos feitos relatados.			
Xera esquemas sinxelos sobre o contido dun texto.			
Utiliza a síntese para elaborar conclusións.			
<b>INTERPRETACIÓN</b>			
Relaciona sucesos da súa experiencia inmediata co contido dos textos.			
Compara personaxes e situacións do texto con outros similares da vida real ou doutro texto.			
Identifica os sentimentos dos personaxes en relación cos sucesos formulados no texto.			
Identifica razóns e motivacións dun personaxe.			
Explica o que pasa a partir dunha imaxe.			
Elabora hipóteses a partir da lectura.			
Predí o final dunha narración.			
Representa as súas ideas a través de debuxos.			
Capta os diferentes significados dunha palabra (infire a partir do contexto).			
<b>REFLEXIÓN SOBRE O CONTIDO</b>			
Elabora textos a partir doutros.			
Detecta contradicións nun texto ou nunha secuencia de textos.			
Elabora ideas sinxelas a partir da mensaxe implícita do texto.			
Distingue sucesos reais dos fantásticos nos relatos históricos, mitolóxicos, cómics...			
Xulga as accións realizadas polos personaxes.			
Opina sobre un texto baseándose na súa experiencia.			
Vincula a información que extrae do texto cos seus coñecementos previos.			
Identifica o propósito do autor ou do texto.			
Identifica os coñecementos novos e os xa adquiridos nun texto expositivo.			
Xulga a adecuación do texto (vocabulario, gramática, estrutura, cantidade e claridade de información, etc.), en relación co xénero en que se engloba, coa intención do autor ou en relación cos destinatarios.			
Argumenta os seus propios puntos de vista.			
<b>REFLEXIÓN SOBRE A FORMA</b>			
Recoñece a estrutura dun texto.			
Identifica e interpreta recursos expresivos.			
Identifica a función dos conectores ou conxuncións e locucións adverbais.			
Identifica xéneros e subxéneros.			
Recoñece distintas formas textuais e relaciónaas coas súas finalidades: verso/musicalidade, anotacións/indicacións do autor...			